



Decálogo dos antibióticos




"Antibióticos:
Grandes aliados
se son ben
empregados"

- 1.** *Os antibióticos salvaron millóns de vidas.*
É imprescindible úsalos adecuadamente para que sigan sendo útiles.
- 2.** *Son só efectivos para as infeccións causadas por bacterias.*
A maioría das infeccións infantís están causadas por virus e por iso non se curan nin alivian con antibióticos.
- 3.** *A febre non se trata con antibióticos.*
A súa presenza non significa que sexan necesarios.
- 4.** *A lei prohibe vender antibióticos sen receita.*
Só o médico os pode prescribir. Non se deben tomar sen a súa supervisión.
- 5.** *Non se deben usar os antibióticos que sobrasen doutros tratamentos.* Estes débense levar ao punto SIGRE (puntos de recollida nas farmacias) para a súa reciclaxe.
- 6.** *Os antibióticos débense tomar* nas doses, pautas e durante o tempo que recomendase o médico.
- 7.** *No se deben suspender os antibióticos aínda que desaparezan os síntomas* da enfermidade salvo por indicación médica.
- 8.** *Os antibióticos son medicamentos seguros* pero nalgúns casos poden ter efectos secundarios ou producir alerxias. Nestes casos débese consultar co médico.
- 9.** *Os antibióticos mal usados deixan de ser efectivos* porque as bacterias fanse resistentes aos seus efectos. Isto supón un problema sanitario grave.
- 10.** *Os antibióticos utilizaranse con certas precaucións durante o embarazo e a lactación.* Estas circunstancias deben ser comunicadas ao seu médico.



Bacterias sensibles



Bacterias resistentes

